



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

# INFORMA

Xuño 2008

D.L. C-325-86. Edita CIG-Ensino. Miguel Ferro Caaveiro 10. Santiago 15703. Tiraxe 1.000.

## Centros de atención a persoas con discapacidade

### Postura da CIG-Ensino diante das xornadas de paro e folga convocadas para o 23 e 27 de xuño, respectivamente, nos centros de atención a discapacitados pola FETE-UGT

Diante da convocatoria dun paro de tres horas para o día 23 de xuño e unha xornada de folga para o 27 do mesmo mes feita pola FETE-UGT, desde a CIG-Ensino queremos manifestar o seguinte:

Vaia por diante o noso máximo respecto ás convocatorias de mobilizacións que poidan facer outras organizacións sindicais. O motivo desta información non é actuar á contra, nin desmobilizar (cousa que si teñen feito coa CIG-Ensino en outras ocasións), senón tratar de aclarar algunhas cuestións e informacións, e explicar as causas polas que a CIG-Ensino non aparece secundando esta convocatoria, o mesmo que outras organizacións sindicais. E, claro está, as razóns que imos expoñer non están exentas de críticas co xeito en que esta convocatoria está formulada.

Consideramos tamén que este sector se atopa nunha situación clara de precariedade laboral, que se veu

empeorada, ao noso entender, polos últimos acordos acadados nos dous últimos Convenios e as últimas Revisións Salariais, nos que os sindicatos de ámbito estatal teñen unha grande responsabilidade (incluída a UGT), nuns casos por asinalos e noutros por ser cómplices mudos dos trocos que significaron claros retrocesos. Daquelas non escoitamos a ninguén queixarse da situación nin, moito menos, formular a posibilidade de mobilizar. A CIG-Ensino quedouse en solitario denunciando eses acordos e as súas consecuencias negativas (aos nosos CIG- Informa anteriores remitímonos).

Cremos, polo tanto, que existen motivos de sobra para chamar ao persoal destes centros a mobilizarse. E cremos que estes motivos existen xa desde hai tempo. Agora ben, tamén temos claro que no ámbito actual de negociación, o Convenio

Estatal, e coa actitude das outras organizacións patronais e sindicais, non hai perspectivas de acadar ningunha mellora. Por iso, desde a CIG-Ensino, tal e como levamos defendendo desde hai tempo, queremos abrir dunha vez por todas outro ámbito de negociación e traballar na procura dun Convenio Galego propio para o sector, como único xeito de acadar algunhas melloras, tanto na calidade do servizo, como nas condicións laborais e salariais do persoal. Algúns pasos levamos dado para emprazar ás tres partes que se teñen que poñer de acordo, patronais, organizacións sindicais e Administración Autónoma (a práctica totalidade dos centros galegos son subvencionados). Será neste ámbito cando, se o vemos necesario, nos formularemos a posibilidade de mobilizar como medida de presión para acadar os obxectivos a negociar.

Así pois, a CIG-Ensino nin convoca nin entende esta convocatoria polos seguintes motivos:

- ✍ É convocada dun xeito unilateral, tímido e escurantista. É a través dunha citación que se nos fai polo "Servicio Interconfederal de Mediación y Arbitraje" (SIMA) como nos sabemos desta convocatoria. Nunca antes, nin sequera na reunión que mantivemos tres días atrás na Mesa Negociadora do XIII Convenio, se nos fixo saber da mesma. Tampouco debería haber moito convencemento sobre a convocatoria cando se recorre previamente á vía da arbitraje.
- ✍ É tamén sorprendente, dado que a actitude que mostraron as representantes da FETE-UGT en dita negociación sempre foi conciliadora e non de confrontación.
- ✍ Se o que se vai utilizar como escusa é o retraso con que se están a desenvolver as negociacións, a FETE-UGT ten parte de responsabilidade en que así sexa, pois nas primeiras reunións enguedellouse con CCOO nunha discusión absurda sobre a representatividade de cada quen que debiera quedar concluída cun simple certificado do Ministerio de Trabajo.
- ✍ Precisamente polo respecto e preocupación que nos merecen os problemas do sector, consideramos que, de facer unha convocatoria de mobilizacións, hai que facela co máximo rigor e seriedade. Esta convocatoria parécenos precipitada e nunhas datas pouco axeitadas, pola proximidade ás vacacións do persoal.
- ✍ Tamén cremos que o correcto sería, cando menos, intentar facela de xeito unitario. En ningún intre se nos falou ás outras organizacións sindicais desta posibilidade. E habería que consultar tamén a opinión dos traballadores e traballadoras do sector.
- ✍ E, xa para rematar, se os motivos polos que se convoca para eses dous días son os que aparecen na citación que se nos fai polo SIMA: "... clasificación profesional, incrementos das retribucións e complementos retributivos, e resto do articulado do Convenio..." (segundo di textualmente), daquela si que resulta imposible de xustificar, dado que a negociación está comezando e non se discutiron a maioría deses puntos. O único do que se leva falado ate agora é sobre os tipos de contratación e comezamos a falar sobre a clasificación profesional.

En resume. Se por algo se ten caracterizado a **CIG-Ensino** é por ser un sindicato reivindicativo, participativo e mobilizador. Pero parécenos un acto de responsabilidade facelo cumprindo unha serie de requisitos na liña que aquí explicamos. Se convocamos é para mobilizar de verdade ao sector, e non por aproveitar ase recurso para facer unha campaña que responda a non sabemos que outro tipo de intereses particulares.